



# CONCURSO GALEGO DE COMPOSICIÓN

A presente convocatoria ten como obxectivo primordial fomentar e estimular a actividade musical como parte esencial do patrimonio cultural galego, mediante a creación de obras inspiradas na nosa cultura e tradición e coa finalidade de ser interpretadas especificamente por bandas de música.

Neste marco, a Federación Galega de Bandas de Música establece as bases que rexerán o desenvolvemento do Concurso Galego de Composición, que se desenvolverá grazas ao apoio da AGADIC da Xunta de Galicia, e que terá como finalidade proporcionar un espazo de estímulo para a creación musical, no que se recoñeza o talento de compositores e intérpretes, se fomente a innovación e se promova o fortalecemento da cultura musical galega.

## Índice

<b>1. Comité organizador</b>	<b>2</b>
<b>2. Participación</b>	<b>2</b>
<b>3. Tipoloxía das obras</b>	<b>2</b>
<b>4. Xurado</b>	<b>5</b>
<b>5. Inscripcións</b>	<b>5</b>
<b>6. Premios</b>	<b>6</b>
<b>7. Estrea e dereitos</b>	<b>6</b>
<b>8. Aceptación das bases</b>	<b>7</b>

## 1. Comité organizador

Formarase un Comité organizador que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do concurso e estará formado por compoñentes da directiva da Federación.

Poderá estar asistido por unha unidade de asesores técnicos coa finalidade de colaborar no bo funcionamento e organización do concurso.

## 2. Participación

1. Poderán concorrer persoas compositoras sen limitación de idade ou procedencia, con cantas composicións como desexen.
2. As composicións deberán ser orixinais e inéditas.
3. As composicións terán total liberdade creativa, permitíndose calquera tipo de estética.
4. O título, subtítulo, nome dos instrumentos e todos os aspectos técnicos e expresivos que a persoa compositora considere oportuno que aparezan indicados nas partituras, irán designados obrigatoriamente polo menos en galego. A Organización colaborará neste aspecto resolvendo calquera dúbida ao respecto.
5. Valorarase especialmente que a obra promova a cultura galega. Para isto, o xurado avaliará as alusión a expresións artísticas, culturais ou tradicionais galegas sempre que estean ben xustificadas. Deberase achegar documento explicativo para a acreditación deste aspecto.
6. A inscrición comezará o día 1 de maio e rematará o día 30 de setembro de 2023.

## 3. Tipoloxía das obras

Para a clasificación das distintas composicións, establécense as seguintes categorías xunto cos seus cadros de instrumentación.

Nas categorías que se inclúan instrumentos opcionais: o seu uso queda á libre disposición da persoa compositora. Con todo, sempre que a partitura dalgún destes instrumentos opcionais inclúa un **solo**, este deberá figurar nalgún outro instrumento do cadro a modo de «defecto». No caso de optar pola utilización de divisis, estes deberán figurar nalgún outro instrumento dos obrigatorios.

O táboa de graos de dificultade pódese consultar [aquí](#).

**Composicións de música popular galega**
**Duración: entre 4 e 6 minutos**
**Dificultade: sen límite**

Fautín (opcional) Frauta 1 Frauta 2 Óboe Fagot (opcional) Requinto (opcional) Clarinete 1 Clarinete 2 Clarinete 3 Clarinete baixo (opcional) Saxofón alto 1 Saxofón alto 2 Saxofón tenor Saxofón barítono (opcional)	Trompeta 1 Trompeta 2 Trompa 1 Trompa 2 Trombón 1 Trombón 2 Trombón 3 (opcional) Bombardino Tuba	Até 5 percusionistas  <hr/> Opcionais: - Gaita - Zanfona - Violoncello - Contrabaixo (sen extensión ou quinta corda a C1) - Arpa - Teclado (piano, teclado MIDI ou PAD) - Pista de audio dixital
---	--	---

*Nesta categoría unicamente está permitido o uso de melodías e ritmos que respecten a estética da música popular galega (muiñeiras, xotas, pasodobres, alborada, etc.). De empregar algunha melodía xa existente, poderase variar, transformar ou utilizala como cada persoa compositora considere.*

**Composicións para Banda de iniciación (instrumentación flexible)**
**Duración: entre 4 e 8 minutos**
**Dificultade: até grao 1, incluído**

Partitura 1	- <b>Do:</b> frautín, frauta, óboe - <b>Mi bemol:</b> requinto - <b>Si bemol:</b> clarinete, saxofón soprano, fliscorno, trompeta
Partitura 2	- <b>Mi bemol:</b> saxofón alto, trompa - <b>Fa:</b> corno inglés, trompa - <b>Si bemol:</b> clarinete, fliscorno, trompeta
Partitura 3	- <b>Do:</b> trombón, bombardino 1, violoncello - <b>Mi bemol:</b> saxofón alto - <b>Fa:</b> trompa - <b>Si bemol:</b> saxofón tenor
Partitura 4	- <b>Do:</b> fagot, trombón baixo, bombardino 2, tuba, contrabaixo - <b>Mi bemol:</b> saxofón barítono - <b>Si bemol:</b> clarinete baixo
Percusión	Até 4 intérpretes

**Composicións de dificultade baixa**
**Duración: entre 6 e 12 minutos**
**Dificultade: até grao 3, incluído**

Frautín (opcional) Frauta 1 Frauta 2 Óboe Fagot (opcional) Requinto (opcional) Clarinete 1 Clarinete 2 Clarinete 3 Clarinete baixo (opcional) Saxofón alto 1 Saxofón alto 2 Saxofón tenor Saxofón barítono (opcional)	Trompeta 1 Trompeta 2 Trompa 1 Trompa 2 Trombón 1 Trombón 2 Trombón 3 (opcional) Bombardino Tuba	Até 5 percusionistas  <hr/> Opcionais: - Gaita - Zanfona - Violoncello - Contrabaixo (sen extensión ou quinta corda a C1) - Arpa - Teclado (piano, teclado MIDI ou PAD) - Pista de audio dixital
--	--	---

**Composicións de dificultade media**
**Duración: entre 12 e 17 minutos**
**Dificultade: até grao 4, incluído**

Frautín (opc. Frauta 3) Frauta 1 Frauta 2 Óboe 1 Óboe 2 Corno inglés (opc.) Fagot 1 Fagot 2 Contrafagot (opc.) Requinto (opcional) Clarinete 1 Clarinete 2 Clarinete 3 Clarinete 4 (opcional) Clarinete baixo Saxofón soprano (opc.) Saxofón alto 1 Saxofón alto 2 Saxofón tenor 1 Saxofón tenor 2 (opc.) Saxofón barítono	Trompeta 1 Trompeta 2 Trompeta 3 Trompeta 4 (opc.) Trompa 1 Trompa 2 Trompa 3 Trompa 4 (opcional) Trombón 1 Trombón 2 Trombón 3 Trombón baixo (opc.) Bombardino 1 Bombardino 2 (opc.) Tuba 1 Tuba 2 (opc.)	Até 6 percusionistas  <hr/> Opcionais: - Gaita - Zanfona - Violoncello - Contrabaixo (sen extensión ou quinta corda a C1) - Arpa - Teclado (piano, teclado MIDI ou PAD) - Pista de audio dixital
--	---	---

**Composicións de dificultade alta**
**Duración: sen límite**
**Dificultade: sen límite**

Fautín Frauta 1 Frauta 2 Frauta 3 (opc. Frauta alto, Fautín 2) Óboe 1 Óboe 2 Corno inglés (opc.) Fagot 1 Fagot 2 Contrafagot (opc.) Requinto Clarinete 1 Clarinete 2 Clarinete 3 Clarinete 4 Clarinete baixo 1 Clarinete baixo 2 (opc.) Saxofón soprano (opc.) Saxofón alto 1 Saxofón alto 2 Saxofón tenor 1 Saxofón tenor 2 Saxofón barítono	Fliscorno 1 (opc.) Fliscorno 2 (opc.) Trompeta 1 Trompeta 2 Trompeta 3 Trompeta 4 (opc. Piccolo) Trompa 1 Trompa 2 Trompa 3 Trompa 4 Trombón 1 Trombón 2 Trombón 3 Trombón baixo (opc.) Bombardino 1 Bombardino 2 Tuba 1 Tuba 2	Até 8 percusionistas <hr/> Opcionais: - Gaita - Zanfona - Violoncello - Contrabaixo (sen extensión ou quinta corda a C1) - Arpa - Teclado (piano, teclado MIDI ou PAD) - Pista de audio dixital
--	--	--

## 4. Xurado

1. O xurado estará formado como máximo por tres personalidades do ámbito da música de recoñecido prestixio e un/unha secretario/a, con voz e sen voto.
2. O fallo farase público o día 29 de outubro de 2023.
3. A decisión do xurado será definitiva e inapelable, podendo declararse deserto un ou máis premios, se ao seu xuízo a calidade das obras non alcanza o nivel suficiente para ser merecedora de premio ou por incumprimento das bases.

## 5. Inscripcións

1. Todo o proceso será efectuado de forma telemática mediante este [formulario](#)<sup>1</sup>.
2. A maiores da información da persoa compositora, pedirase a seguinte documentación:
  - a. O guión en formato PDF e xerado mediante un programa de notación musical.
  - b. Un audio xerado informaticamente.
  - c. Un pequeno resumo onde se expoña o proceso de composición da obra (máximo un documento equivalente a 1 folio A4).
  - d. Opcionalmente, poderanse incluír as partes de todos os instrumentos.
3. As partituras entregadas non poderán presentar inscricións, signos ou textos que poidan suxerir o nome da persoa compositora. Porén, deberase entregar a partitura xeral sen portada, agradecementos e demais información non musical.
4. Será tida en conta a presentación e acabado das partituras entregadas. A tipografía empregada deberá ser perfectamente lexible e as indicacións de fraseo, dinámicas e articulación colocaranse de forma clara.
5. No caso de que, con posterioridade á presentación da obra, e antes do veredicto do xurado, a obra resultase gañadora noutro concurso, o participante deberá comunicalo de inmediato á Organización.
6. As persoas compositoras que incumpran o anterior, así como aqueles que quebranten o anonimato, quedarán inmediatamente excluídos.

## 6. Premios

1. De acordo co criterio do xurado, concederanse os seguintes premios:
  - a. **Música popular:** o premio estará dotado con 750 euros, diploma acreditativo e edición dixital da obra.
  - b. **Iniciación:** o premio estará dotado con 1000 euros, diploma acreditativo e edición dixital da obra.
  - c. **Dificultade baixa:** o premio estará dotado con 1500 euros, diploma acreditativo e edición dixital da obra.
  - d. **Dificultade media:** o premio estará dotado con 2000 euros, diploma acreditativo e edición dixital da obra.
  - e. **Dificultade alta:** o premio estará dotado con 2500 euros, diploma acreditativo e edición dixital da obra.
2. O xurado poderá recoñecer composicións con mencións de honra. De a persoa compositora aceptar o premio, recibirá un diploma acreditativo e a súa obra editarase dixitalmente.

---

<sup>1</sup> Formulario: <https://forms.gle/o7L6nmzXKzYVYVAu9>

## 7. Estrea e dereitos

1. As obras premiadas terán a posibilidade de seren obras obrigadas no Certame Galego de Bandas e poderán ser estreadas en concertos das agrupacións da Federación ou outras de recoñecido prestixio.
2. As persoas compositoras entregarán nun prazo de 20 días naturais, seguintes á comunicación da resolución, as partituras xerais e individuais en formato PDF, os arquivos en formato **Sibelius** ou **Finale**, así como calquera outra documentación relativa á obra (notas, instrumentación, currículo do compositor, etc.) que se lles solicite.
3. As persoas compositoras das obras premiadas comprométese obrigatoriamente a facer constar en calquera publicidade e programa que inclúa a interpretación de dita obra a seguinte descrición: «Obra premiada no XVI Concurso Galego de Composición».
4. A edición das obras farase baixo licenza Creative Commons. As persoas compositoras galardoadas conservarán todos os dereitos que a Lei de propiedade intelectual lles concede.
5. As persoas compositoras das obras premiadas ceden o dereito de comunicación pública á Federación Galega de Bandas de Música Populares, que poderá distribuíla entre os seus asociados.
6. As obras premiadas deberán presentarse respectando os criterios destas bases para a súa edición, podendo o comité organizador decidir non editala de non cumprirse este punto.

## 8. Aceptación das bases

1. A inscrición no concurso supón a completa aceptación das súas bases.
2. A organización resérvase o dereito a modificar as bases ou adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nas mesmas, por razóns de forza maior ou de interese público.
3. As decisións tomadas polo Comité Organizador na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable polo propio comité.
4. A redacción oficial das bases é no idioma galego a efectos legais. Presentaranse en distintos idiomas, pero os desacordos que xurdan delas serán resoltos con referencia no texto galego.
5. Calquera dúbida será resolta no enderezo electrónico [composicion@bandas.gal](mailto:composicion@bandas.gal).

Última revisión das bases: 26 de abril de 2023